



# Carta ao Papa Francisco sobre a Cañada Real de Madrid



Javier Baeza Atienza

A Cañada Real de Madrid é o maior asentamento irregular de Europa. Esta zona marxinalizada, onde viven preto de 4.500 persoas, permanece sen subministración eléctrica desde o mes de outubro. As distintas administracións públicas implicadas (concellos de Madrid, Coslada e Rivas-Vaciamadrid, Comunidade de Madrid e Delegación do Goberno en Madrid) e a compañía eléctrica (Naturgy) non fixeron nada para pór remedio á situación, aducindo que a culpa dos fallos na subministración está relacionada coa existencia de plantacións de marihuana na zona. Ignoraron así chamamentos para solucionar a crise realizados polo Defensor do Pobo e as mesmas Nacións Unidas.

Na Diocese de Madrid, diferentes colectivos da Igrexa denunciaron a situación reiteradamente. Este mes de novembro escribiron ao Papa Francisco para que medie na situación, solicitando a adhesión de colectivos. A Asociación Encrucillada apoia esta carta, presentada na Nunciatura de Madrid e que reproducimos a continuación.

En Madrid, a 8 de xaneiro de 2021

Querido Papa Francisco:

Somos un grupo de comunidades cristiás que, xunto con varias asociacións veciñais da zona, e coñecedores do seu compromiso firme contra a inxustiza e en defensa dos máis desfavorecidos, dirixímonos a vostede para pedirlle a súa mediación e a súa oración pola difícilísima situación que están a vivir preto de 4.500